

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004526	San Narciso	Marín	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CD3SSC000100	Educación infantil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	2024/2025	4	107	128
MP1709_12	Prevención de riscos laborais	2024/2025	4	50	60
MP1709_22	Empregabilidade e relacións laborais	2024/2025	4	57	68

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ALEXANDRE ABILLEIRA LÓPEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo Itinerario persoal para a empregabilidade I ten como obxectivo dotar ao alumnado das competencias esenciais para mellorar a súa inserción laboral no sector educativo, con especial atención ao ámbito da Educación Infantil. Enmarcado nos ciclos formativos de grao medio e superior, o módulo promove o desenvolvemento de habilidades transversais relacionadas coa orientación laboral, o emprendemento e a prevención de riscos laborais, á vez que ofrece un coñecemento profundo dos dereitos laborais e do sector produtivo vinculado á súa titulación.

O alumnado terá a oportunidade de aplicar os coñecementos adquiridos en contornos profesionais reais, grazas á proximidade de centros educativos e servizos sociais en Galicia que se dedican á atención da infancia. Deste xeito, a teoría aprenderase en conexión directa coas demandas do mercado laboral galego no sector da educación infantil, tanto no ámbito formal como no non formal. Existen múltiples saídas laborais para os titulados neste ámbito, que inclúen traballos en escolas infantís, gardarías, campamentos de verán, granxas escola, ludotecas, bibliotecas, centros de atención a menores en situación de risco social, así como servizos de atención primaria e animación en hospitais. En Galicia, existen 175 escolas infantís públicas que atenden a nenos e nenas de 0 a 3 anos, divididas entre as dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais e as que forman parte do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, coñecidas como as escolas de A Galiña Azul.

Ademais, este módulo capacitará aos estudantes para obter o título de Técnico Básico en Prevención de Riscos Laborais. Durante o proceso formativo, abordaránse a identificación e clasificación dos factores de risco específicos no ámbito da educación infantil, tanto nos centros educativos como nos servizos sociais de atención á infancia. A través do estudo de casos reais, o alumnado aprenderá a deseñar plans preventivos adaptados e a actuar con seguridade en situacións de emerxencia, o que lles permitirá adquirir unha visión completa da saúde e seguridade laboral.

O coñecemento dos dereitos e obrigas laborais será outro dos piares fundamentais do módulo. O alumnado analizará as condicións laborais vixentes a través dos convenios colectivos, familiarizándose coa normativa que rexe o sector. Este coñecemento proporcionaralles as ferramentas necesarias para xestionar eficazmente situacións laborais complexas, como a resolución de conflitos ou a análise das diferentes modalidades de contratación, especialmente no contexto educativo.

Promoverase tamén a autoavaliación e o autocoñecemento, co obxectivo de que cada estudante poida reflexionar sobre as súas competencias, intereses e habilidades. Desta maneira, o alumnado poderá trazar unha folla de ruta profesional personalizada, adaptada tanto ás súas expectativas como ás oportunidades laborais que se presentan en Galicia e no contexto europeo. Este proceso permitirá identificar áreas de mellora e fortalezas, fundamentais para o desenvolvemento dunha carreira profesional exitosa.

Por último, traballarase intensamente na adquisición de competencias dixitais, que serán cruciais para mellorar a empregabilidade do alumnado. Aprenderán a empregar ferramentas dixitais que lles permitan optimizar a procura de emprego, así como configurar un entorno persoal de aprendizaxe continuo. Isto facilitará que desenvolvan unha identidade dixital coherente coas súas aspiracións profesionais, facendo uso de plataformas como LinkedIn ou Europass, que lles permitirán amosar as súas competencias de forma efectiva no mercado laboral.

En resumo, este módulo proporcionará ao alumnado unha formación completa e adaptada á realidade do sector educativo galego, asegurando que adquiran as competencias necesarias para a súa inserción laboral e para o desenvolvemento dunha carreira profesional sólida e satisfactoria.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Funcións do nivel básico en Prevención de Riscos Laborais.	Nesta unidade abordanse os aspectos fundamentais da prevención de riscos laborais, incluíndo a relación entre traballo e saúde, o marco normativo aplicable, os dereitos e deberes de traballadores e empresarios, os principais danos laborais e as técnicas e medidas de prevención e protección. Tamén se analizarán a xestión da prevención nas empresas, os participantes no proceso preventivo, os organismos públicos implicados e as medidas de emerxencia. Ademais, estudaranse os riscos físicos, químicos, biolóxicos, ergonómicos e psicosociais que poden xurdir, así como as técnicas de primeiros auxilios e a activación dos protocolos de emerxencia.	60	30
2	A relación laboral.	Nesta unidade estudaranse os aspectos clave do dereito laboral, incluíndo a regulación das relacións laborais, os dereitos e obrigas das persoas traballadoras, así como os organismos que as protexen. Analizaranse os contratos de traballo, as súas modalidades e outras formas de contratación. Tamén se abordará o tempo de traballo, os períodos de descanso e as novas formas de organización laboral. Ademais, examinaranse o salario, a nómina, as deducións correspondentes e os motivos de modificación, suspensión ou extinción dun contrato.	34	35
3	Acción protectora do sistema de Seguridade Social.	Nesta unidade estudarase que é a Seguridade Social e que prestacións ofrece aos traballadores en casos de incapacidade temporal ou permanente, desemprego, excedencia por coidado de menor, etc. Ademais, analizarase o sistema de pensións en España, prestando especial atención aos casos de xubilación, morte ou supervivencia.	14	15
4	O sector produtivo e a súa relación co perfil profesional do título.	Nesta unidade estudarase cal é o contido dun plan de acción para o emprego e como se pode planificar a propia carreira profesional. Ademais, analizarase cal é o contido dun perfil profesional e que competencias se inclúen nel. Por último, trataranse as opcións dispoñibles para incorporarse ao mercado laboral, enumerando as vantaxes e inconvenientes do traballo por conta allea, por conta propia e o acceso á función pública.	5	5
5	O potencial profesional: autoorientación para a inserción profesional.	Nesta unidade aprenderase a definir obxectivos profesionais a partir da análise dos propios intereses e motivacións, e estudaranse ferramentas que melloran o autoconecemento persoal e profesional. Ademais, abordarase o concepto de empregabilidade e cómo melloralala, incluíndo o uso das competencias dixitais. Tamén analizarase o mercado laboral do sector do ciclo formativo e os itinerarios de formación dispoñibles unha vez rematado o ciclo. Por último, presentaranse as ferramentas europeas para atopar oportunidades laborais fóra de España.	10	10
6	A aprendizaxe autónoma.	Nesta unidade abordanse os conceptos de identidade dixital, pegada dixital e marca persoal, e a súa relevancia para a empregabilidade. Ademais, tratarase a creación dun entorno persoal de aprendizaxe, identificando as necesidades de aprendizaxe, fontes de información e ferramentas dixitais para organizar e crear contidos. Tamén se analizará a importancia do networking a través de redes sociais e profesionais. Por último, estudarase o plan de desenvolvemento persoal (PDP) como ferramenta clave para maximizar o potencial, protexer a identidade dixital e avaliar o progreso tanto persoal como profesional.	5	5

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Funcións do nivel básico en Prevención de Riscos Laborais.	60

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	SI

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título
CA1.2 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais
CA1.3 Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias
CA1.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia
CA1.5 Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais
CA1.6 Clasifícanse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos
CA1.7 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste
CA1.8 Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención
CA1.9 Identifícanse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios
<a href="#">0CA1.10 Diferenciáronse os conceptos básicos de seguridade e saúde laboral</a>

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Protección de persoas traballadoras en especiais situacións de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos).
0Actuación en caso de risco grave e inminente.

## Contidos

Relación entre traballo e saúde.

Aplicación das principais técnicas de primeiros auxilios.

Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.

Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.

Marco normativo.

Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.

Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenzas profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.).

Principais técnicas de prevención.

Protocolos de actuación ante diversas situacións de emerxencia na empresa.

Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.

Composición da caixa de primeiros auxilios.

Análise dos factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais na empresa ou no organismo equiparado do sector produtivo do ciclo formativo.

Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral.

Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais.

Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.

Planificación da prevención de riscos na empresa ou no organismo equiparado: contido mínimo dun plan de prevención.

Órganos de representación e participación das persoas traballadoras na prevención de riscos laborais.

Actuación responsable en situacións de emerxencia e primeiros auxilios.

Obrigas das empresas ou os organismos equiparados ante as emerxencias.

Plan de emerxencia e evacuación en contornas de traballo.

Medidas de protección individual e colectiva: equipamentos de protección individual e sinalización de seguridade.

Análise das condicións e dos límites da vixilancia da saúde na empresa, e das repercusións dos resultados dos recoñecementos médicos na relación laboral.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	A relación laboral.	34

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título
CA4.2 Comparáronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais
CA4.3 Identifícaronse as características definitorias das novas contornas de organización do traballo e os dereitos que levan consigo
CA4.4 Identifícaronse os compoñentes do recibo de salario
CA4.4.1 Elaboráronse recibos de salarios tendo en conta o Convenio Colectivo de referencia
CA4.4.2 Comprendeuse a estrutura dun recibo de salarios
CA4.5 Identifícaronse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral
CA4.8 Analizouse a regulación xeral en materia de clasificación profesional e tempo de traballo no Estatuto dos Traballadores
CA4.9 Descríbense as causas e efectos da modificación, suspensión e extinción da relación laboral
CA4.9.1 Diferenciáronse as situacións de mobilidade funcional, mobilidade xeográfica e modificación substancial das condicións de traballo
CA4.9.2 Identifícaronse as situacións de suspensión da relación laboral

Criterios de avaliación
CA4.9.3 Diferenciáronse as diferentes causas de finalización do contrato de traballo
CA4.9.4 Realizáronse liquidacións de haberes por extinción da relación laboral

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Dereitos e deberes derivados da relación laboral. 0Análise da relación laboral individual. Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación. Dereito do traballo. Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución etc. Retos laborais derivados da contorna dixital. Conflitos colectivos na empresa. Análise do recibo de salario e das súas partes. Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación. Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo. Sindicatos de traballadores e traballadoras, e asociacións empresariais. Representación das persoas traballadoras na empresa. Elementos, características e requisitos de formalización do contrato de traballo. Novas contornas na organización do traballo e as súas implicacións nas relacións laborais.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Acción protectora do sistema de Seguridade Social.	14

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.6 Analízouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía
CA4.7 Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Prestacións contributivas da Seguridade Social (incapacidade temporal e permanente, nacemento de fillos e fillas, morte e supervivencia, e xubilación).
Seguridade Social e estado do benestar.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego: requisitos e trámites. Cálculo da prestación.
Estrutura do sistema de Seguridade Social.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	O sector produtivo e a súa relación co perfil profesional do título.	5

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Distingue as características do sector produtivo e define os postos de traballo, relacionándoos coas competencias profesionais expresadas no título	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional
CA1.2 Comparáronse os requisitos esixidos polo mercado laboral coas esixencias para o traballo na función pública relacionados co sector privado
CA1.3 Reflexionouse sobre as actitudes e as aptitudes requiridas actualmente para a actividade profesional relacionadas co título, así como as competencias persoais e sociais máis relevantes para o sector, identificando a zona de desenvolvemento próximo

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Tendencias do mercado laboral e oportunidades emerxentes.
Competencias persoais e sociais máis demandadas no mercado laboral actual.
Identificación e descrición dos postos de traballo relacionados co perfil profesional do título: características, funcións, competencias, formación, actitudes e aptitudes requiridas.
Intelixencia artificial e automatización no mercado laboral e no sector profesional do título do ciclo formativo.
Análise das competencias profesionais e requisitos para o ingreso na Administración pública
Análise do sector profesional do título do ciclo formativo. Situación laboral actual e futura.
Traballo por conta allea e traballo por conta propia.
Traballo na Administración pública.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	O potencial profesional: autoorientación para a inserción profesional.	10

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Analiza e avalía o seu potencial profesional e os seus intereses para se guiar no proceso de autoorientación, e elabora unha folla de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autococñecemento
CA2.2 Analizáronse as calidades e as competencias persoais afíns á actividade profesional relacionada co perfil do título
CA2.3 Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego
CA2.4 Sinaláronse as preferencias profesionais, os intereses e as metas no marco dun proxecto profesional
CA2.5 Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego
CA2.6 Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional
CA2.7 Identificáronse expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais
CA2.8 Valoráronse fitos importantes na traxectoria vital con valor profesionalizador
CA2.9 Identificáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional
CA2.10 Formuláronse obxectivos profesionais e determináronse metas persoais e profesionais para a mellora da empregabilidade e as condicións de inserción laboral
CA2.11 Trazouse un plan de acción para desenvolver as áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais con valor para o emprego

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción.
0Aspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais.
Servizos de orientación académica. Programas, oportunidades e axudas para a formación.
Identificación e análise dos itinerarios formativos profesionais relacionados co título do ciclo formativo.
Autoestima: confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo.
Habilidades sociais e habilidades de comunicación.
Identificación e autoanálise de intereses, capacidades, motivacións, aptitudes, fortalezas e debilidades persoais para o proxecto profesional ao que se aspire.
Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Networking.
Habilidades de organización e xestión.
Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos.
Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar na formación profesional, noutros estudos postbrigatorios e nos estudos superiores.
Información sobre a estrutura do sistema educativo.
0Oportunidades de formación e emprego en Europa.
Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo.
Conflito: concepto, causas, tipos e resolución. Negociación.
Autoanálise e avaliación do potencial profesional en relación cos requisitos actuais do perfil profesional do título. DAFO persoal.
Autoanálise e toma de decisións académicas e profesionais.
Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade.
A formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio.
Estratexias para superar as eivas de comunicación.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	A aprendizaxe autónoma.	5

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica as estratexias para a aprendizaxe autónoma recoñecendo o seu valor profesionalizador, deseñando e optimizando a súa propia contorna de aprendizaxe con uso das tecnoloxías dixitais como ferramentas de aprendizaxe autónoma, sendo coherente coa súa identidade dixital e cos seus propios obxectivos profesionais, expostos no seu plan de desenvolvemento individual	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Tomouse conciencia da responsabilidade individual no desenvolvemento profesional, valorando a actitude de aprendizaxe permanente para o desenvolvemento das propias e das novas competencias
CA3.2 Identificouse a empregabilidade como capacidade de adaptación á contorna laboral
CA3.3 Coñecéronse e utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade
CA3.4 Púxose en práctica a competencia dixital para configurar unha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade
CA3.5 Analizouse o concepto de identidade dixital e o seu impacto na empregabilidade
CA3.6 Xustificouse o deseño da súa contorna de aprendizaxe baseada en como esta mellora a empregabilidade
CA3.7 Elaborouse o seu plan de desenvolvemento individual como ferramenta para a mellora da empregabilidade
CA3.8 Aplicáronse as ferramentas de aprendizaxe autónoma para o seu desenvolvemento persoal e profesional
CA3.9 Deseñouse a contorna de aprendizaxe que permite alcanzar o plan de desenvolvemento individual

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Ferramentas e fontes de información e formación: cursos en liña ou webinarios; libros, blogs; plataformas, aplicacións móbiles; certificacións en liña; grupos de discusión.
0Concepto.
Concepto e características.
Contorna de aprendizaxe para a empregabilidade.
Deseño dunha contorna persoal de aprendizaxe para o desenvolvemento persoal e profesional.
Rede persoal de aprendizaxe: redes sociais, profesionais e de comunicación.
Protección de datos persoais e identidade dixital.
Identificación e análise das necesidades persoais de aprendizaxe para a empregabilidade.
Importancia do plan como ferramenta para maximizar o potencial e o desenvolvemento persoal e profesional.
Necesidade dunha avaliación periódica do progreso.
Relevancia para a empregabilidade..
Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional. Riscos derivados dunha xestión inadecuada.
Pegada e reputación dixital.

#### 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os instrumentos de avaliación utilizados e a súa ponderación é a seguinte:
1. Funcións do nivel básico en Prevención de Riscos Laborais. Lista de Cotexo (40 %), aplicándose sobre a resolución de casos prácticos (100 %). Proba Escrita (60 %), aplicándose sobre unha proba de exame (100 %).
2. A relación laboral.

Lista de Cotexo (30 %), aplicándose sobre a resolución de casos prácticos (100 %).

Proba Escrita (70 %), aplicándose sobre unha proba de exame (100 %).

3. A acción protectora do sistema de Seguridade Social.

Lista de Cotexo (100 %), aplicándose sobre a resolución de problemas (100 %).

4. O sector produtivo e a súa relación co perfil profesional do título.

Lista de Cotexo (100 %), aplicándose sobre a resolución de problemas (100 %).

5. O potencial profesional: autoorientación para a inserción profesional.

Lista de Cotexo (100 %), aplicándose sobre a resolución de problemas (100 %).

6. A aprendizaxe autónoma.

Lista de Cotexo (100 %), aplicándose sobre a resolución de problemas (100 %).

Cada instrumento de avaliación será puntuado sobre 10. Para superar unha unidade, deberá obterse unha puntuación mínima de 4,50/10 na suma ponderada das puntuacións acadadas nos instrumentos de avaliación empregados nesa unidade. Superarase a avaliación facendo o mesmo en todas e cada unha das unidades que contén (de non ser así, quedará como pendente de superar aquela/s na/s que non se acadase a puntuación mínima). Para superar o módulo deberá alcanzarse unha puntuación mínima de 4,50/10 en todas e cada unha das unidades. Non obstante, no caso de que quede pendente unha unidade na que se acadase un 4/10 e, ademais, a media ponderada das distintas unidades sexa de polo menos 5/10, tamén se considerará superado o módulo. Se non se cumpre ningunha das dúas situacións, a cualificación da terceira avaliación e/ou da avaliación final non poderá sobrepasar a puntuación de 4/10.

A cualificación da primeira avaliación obterase a partir da seguinte expresión:  $[(UT1 * 0,30)] / 0,30$ . A da segunda:  $[(UT1 * 0,30) + (UT2 * 0,40)] / 0,70$ . A da terceira:  $(UT1 * 0,30) + (UT2 * 0,40) + (UT3 * 0,08) + (UT4 * 0,10) + (UT5 * 0,12)$ . En cada unha das tres avaliacións, a cualificación que o alumnado obterá concretarase nun número enteiro, obtido, se é o caso, mediante redondeo por defecto ou por exceso. As cualificacións sen desprezar decimais, de habelos, serán as que se terán en conta para a cualificación final do módulo, que se corresponderá coa obtida na terceira avaliación. Cando na devandita cualificación final non se obteña un número enteiro, tamén se redondeará por defecto ou por exceso.

En relación coas probas escritas (de aplicación en probas de exame,) estas consistirán sempre nunha composición de preguntas dalgúns ou todos destes tipos: de desenvolvemento, curtas e de resposta múltiple obxectivas. No último caso, cada pregunta terá catro opcións de resposta e aquelas contestadas de xeito incorrecto conlevarán a perda dun terzo do valor da pregunta. Nas propias probas escritas indicarase a puntuación correspondente a cada unha das preguntas dentro do cómputo total.

En canto ás listas de control ¿de aplicación en resolución de casos prácticos e en resolución de problemas¿, os indicadores que se utilizarán para avaliar o correspondente criterio (ou subcriterio) serán valorados

mediante os niveis de desempeño do 0 %, 40 %, 70 % e 100 %, a aplicar sobre o peso que se estableza para cada un destes indicadores dentro do criterio (ou subcriterio).

Cando se utilice unha táboa de observación, a avaliación do desempeño será de tipo binario, é dicir, marcarase se o elemento a observar está presente ou ausente, cumprido ou non cumprido. A través deste instrumento, na unidade 4, terá cabida a coavaliación (proporcionándolle para iso unha ficha de observación impresa ao alumnado) xunto coa heteroavaliación, cun peso final na cualificación do 75 % e 25 %, respectivamente.

A realización de calquera acto de copia, suplantación ou cambio de proba en traballos, exames ou proxectos conlevará a cualificación de 1/10 na unidade correspondente. Nos traballos ou proxectos a sanción poderá afectar a todas as persoas involucradas, pois a custodia documental esténdese máis alá do horario e centro educativo.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado, ao longo do curso (a finais de decembro ou principios de xaneiro, tras a primeira avaliación; a finais de marzo ou principios de abril, tras a segunda avaliación) e sempre antes da terceira avaliación, poderá afrontar unha proba de recuperación, e só unha, da/s unidade/s non superada/s. Tras a terceira avaliación, poderá facer o mesmo (ao longo do mes de xuño), sendo necesaria unha puntuación mínima de 4,5 /10 na/s unidade/s obxecto desta proba de recuperación.

A puntuación obtida na proba de recuperación trasladarase á/s unidade/s obxecto da mesma, facendo uso da ponderación indicada para cada unha delas, co fin de obter a cualificación final.

A proba escrita será por defecto o instrumento que se utilizará para a recuperación da/s unidade/s nas que non se acadou a puntuación mínima, aínda que podería ser substituído ou combinado con outro instrumento que resultase oportuno, en función do modo elixido no seu momento para acreditar a evidencia ou o dominio da capacidade asociada aos criterios de avaliación afectados (véxase, por exemplo, o plan de prevención ou o plan de inserción profesional).

En canto ao alumnado de segundo curso co módulo pendente, observarase o indicado nos informes de avaliación individualizados no que respecta aos resultados de aprendizaxe non acadados e ás actividades de recuperación previstas neles (que deberán realizarse entre setembro e marzo do presente curso).

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A asistencia do alumnado ás actividades programadas para o módulo é necesaria para poder levar a cabo a avaliación continua. O número de faltas non xustificadas que implica a perda do dereito á avaliación será do 10 % respecto da súa duración total ou, en outros termos, 11 faltas. Cando o alumnado exceda o 10 % de faltas xustificadas, pasarase a computar todas as faltas sucesivas como non xustificadas. Nas normas de organización e funcionamento do centro indícase con detalle cando se considera unha falta de asistencia e os criterios que se aplicarán na súa xustificación.

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua deberá realizar no mes de xuño as probas que o profesor estime máis adecuadas para cada resultado de aprendizaxe. Nesas probas aplicaranse os criterios de avaliación do módulo e será necesario acadar unha puntuación igual ou superior a 5/10 en cada un dos resultados de aprendizaxe do mesmo. Cumprida esta condición, a cualificación obterase mediante a seguinte media ponderada: da UF1, RA1 (30 %); da UF2, RA1 (8 %), RA2 (10 %), RA3 (12 %) e RA4 (40 %).

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Comprendendo a avaliación como un elemento clave para axustar o proceso de ensino-aprendizaxe e mellorar a súa calidade, realizaranse accións continuas de recollida de información centradas en tres aspectos: nivel de cumprimento do planificado, adecuación da metodoloxía empregada, e eficiencia dos materiais e recursos utilizados. Esta avaliación farase mediante indicadores que avaliarán: a programación (p. ex., se os obxectivos están ben formulados e adaptados ao currículo e ao módulo), a metodoloxía (p. ex., se está adaptada ao nivel do alumnado), a avaliación (p. ex., se as actividades avaliativas son diversas e inclusivas) e o docente (p. ex., se o trato co alumnado é o adecuado).

Cada semana rexistraranse na plataforma de programacións os comentarios relevantes sobre o axuste entre o plan e a realidade diaria; cada mes elaborárase un informe de seguimento sobre o progreso do alumnado, que se compartirá co equipo docente; e, en xuño, prepararase unha memoria final que recolla as modificacións e melloras para o curso seguinte.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso, co obxectivo de obter un coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa. Formularase como proba oral, na que se presentarán aos alumnos unha serie de preguntas curtas relacionadas cos contidos e competencias clave da materia, con especial énfase nos aspectos técnicos e prácticos propios do ciclo formativo. Este enfoque permitirá avaliar de maneira áxil e directa o nivel de coñecementos previos e a comprensión dos conceptos fundamentais relacionados coa futura profesión.

O carácter oral da proba fomentará unha interacción máis directa co alumnado, permitindo a clarificación de dúbidas e ofrecendo a oportunidade de observar a capacidade de razoamento en situacións de comunicación verbal, especialmente no ámbito profesional. As preguntas estarán deseñadas para proporcionar unha visión global do punto de partida do grupo, o que permitirá axustar o proceso de ensino ás características e necesidades do alumnado, enfocándose na súa preparación para o mundo laboral.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de atención á diversidade teñen como obxectivo proporcionar unha resposta adecuada ás necesidades educativas do alumnado nos ciclos formativos, respectando sempre o currículo oficial que establece as competencias profesionais que deben adquirir. Estas medidas buscarán facilitar a integración do alumnado e o acceso á formación mediante diferentes estratexias.

Medidas ordinarias: centraranse en adecuar a metodoloxía e os recursos ás características do alumnado, sen modificar os obxectivos ou contidos do currículo. Entre estas medidas inclúense:

Axuste da programación didáctica e dos espazos de traballo práctico para eliminar barreiras e garantir a accesibilidade.

Uso de metodoloxías colaborativas e de aprendizaxe baseado en problemas (ABP) para promover a aprendizaxe inclusiva.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Na materia, fomentárase o desenvolvemento de competencias transversais que aborden aspectos clave para a formación integral e a inserción laboral do alumnado. Promoverase a prevención e resolución pacífica de conflitos, aplicables tanto ao ámbito profesional como á vida persoal, familiar e social, fomentando o diálogo, o respecto mutuo e a colaboración no entorno laboral.

Así mesmo, traballaranse valores fundamentais como a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos, e o rexeitamento de calquera forma de violencia. Tamén se prestará especial atención á prevención de comportamentos que poidan xerar conflitos ou acoso no lugar de traballo, promovendo a integración e o respecto á diversidade. Estes valores serán parte esencial da formación do alumnado, orientados a garantir unha participación activa, crítica e ética na sociedade e nos entornos profesionais.

Prestarase especial atención á erradicación de comportamentos ou prácticas discriminatorias no entorno laboral, xa sexa por razón de xénero, orientación sexual, identidade de xénero ou calquera outra forma de discriminación. Fomentárase un enfoque inclusivo que promova a igualdade de oportunidades e o respecto pola diversidade tanto na vida profesional como persoal.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias estarán vinculadas aos outros módulos do ciclo formativo ou ben ás propostas deseñadas polo centro educativo, sempre que sexan pertinentes para o módulo.